

REPARTO



Jaime Núñez López.....abraiante BRAIAN

Paloma Fernández Martínez.....A NAI, insustituible, de Braian; tamén Soldado



Estefanía Pereira Pinto.....REI MAGO, AUTORIDADE DO SANEDRÍN (odia a Deuteronomus), MULLER e ACTIVISTA da F.P.X

Ana María González Dafonte.....CARADURA, MULLER e ACTIVISTA da F.P.X. (ten o don de discernir mesías e narizotas susceptibles).



Tania Álvarez Ramos.....IRMÃ da Narizotas,
SOLDADO e INCONTINENCIA ZUMA! (unha amiga de Poncio).
Lucas Borges Díez.....HOME co nariz grande,
PRESENTADOR DO CIRCO, pero sobre todo PONCIO PILATOS!



Raúl Pacho Tomé (que descubrimento!).....AXUDANTE
do Sanedrín, e LUCAS (ou LORETA), da F.P.X.
Andrea García Vilas.....JUDITH, da F.P.X. (o amor
"platónico" de Braian.)
Aldara Cidrás Fuentes.....REG, superlíder
megafloriosa da Fronte Popular de Xudea.
Alba Rivas Pérez (unha promesa que veredes).....MARTA, plani-
ficadora táctica da F.P.X.




Claudia Román Freijeiro.....REI MAGO, VENDEDOR de PEDRAS LAPIDARIAS e SOLDADO CRUCIFICADOR (eficaz, pero amable).

Adrián Vieitez Torrado.....HOME, CENTURIÓN (de vocación profe de clásicas)

Saray Vila Cid.....MULLER, SOLDADO CRUCIFICADOR (preocúpalle o turismo e os ritos populares da pascua)

*Laura Bragado Ojea.....
...CLEOFÉ, a das pernas nubradas, as orellas cansas e ollos que xa non escoitan (MULLER CASILAPÍDANME e ACTIVISTA da F.P.X.)*





*Andrea López López.....
....SOLDADO, MULLER
ACTIVISTA da F.P.X.,
MERCADER e mestre de
economía sobre o valor
das barbas e as cabazas.*

*Carmen García Iglesias....
...REI MAGO, EXLEPROSA
(e como tal, anuncia do
orixe dos recortes á lei de
dependencia.)*





Kevin Castro Rodríguez.....VOZ EN OFF DE XESÚS,
PERSEGUIDOR DE MESÍAS, "LIBERADO" DA CRUS, e o que lle
deixen (segunda gran promesa).

Marta Couto González.....SOLDADO, GLADIADOR,
PROFETA APOCALÍPTICA con recortes de texto involuntarios
(terceira gran promesa).

Desi Pazó González..... MULLER e ACTIVISTA da F.P.X., VELLA
TOLA PRISIONEIRA que da medo (cuarta gran promesa).

Dirección: Bernardino Gándara.

Re-adaptación do libreto: Bernardino Gándara e Sindo Fernández.

Responsables Spasmo: Sindo Fernández, Araceli Villanueva e Bernardino
Gándara.



ELA.- ...ter que lle dicir adeus ao paraninfo, que vimos mudar, ter que lle dicir adeus aos abrasivos focos da escena, ter que lle dicir adeus aos nervios imposibles dos minutos antes de comezar e ao indescriptible poder gratificante dos aplausos. Hai cousas que xamais se esquecen, que permanecen impasibles ao paso do tempo. E Spasma será unha delas. O noso grupo conformouse hai xa cinco anos cunha obra para monicreques de Lorca na que emanábamos dunha saba xigantesca e parece que remata –irónicamente- xunto coa Vida de Braian, que cruz.

...Nós, os veteranos, marchamos. Para nós péchase o telón, pero afortunadamente o espectáculo debe continuar, e quero pensar que as xeracións futuras revitalizarán este grupo que un día foi noso –noso, e doutros tantos-.

...Xa o dixo Arthur Miller: o teatro non pode desaparecer porque é a única arte onde a humanidade se enfrenta consigo mesma. Moita merda!

(fai mutis polo foro).

(Fragmento dun artigo de Aldara Cidrás, tomado na revista Trégola.)

Spasma 2011-12, grupodeTeatrodoSantalrene



GRAZAS,

... ao grupo de teatro Gargallada, por facilitarnos a súa adaptación e permitirnos facela nosa.

... a Armando L. Guerra, o noso pintor, por axudarnos co decorado.

... a Marta Gómez (e o seu Pai), polas moitas e fermosas fotos.

... ao Instituto, aos profesores e profesoras que sempre nos animan, e ao equipo directivo que nunca nos pon trabas.

... a aqueles que con pequenas colaboracións seguen sendo realmente impreccindibles.

... a todos e a todas que nos coñecen, nos seguen, nos animan e nos queren.

Comentarios recollidos aquí e alá sobre ***A vida de Brian***:

.....*A vida de Brian* é unha película maxistral pola súa explotación de situacións cómicas e de pequenas sátiras, pero sobre todo pola crítica, diversa e heteroxénea, que formula contra dúas das institucións sociais máis firmemente asentadas: a relixión e o fanatismo relixioso ("Ti es o verdadeiro Mesías, e diso entendo porque seguín a varios.") e a política, ou máis exactamente, a burocracia da política, a súa verborrea, os seus tópicos máis abominables.

.....Como se indica no título, a película xira ao redor de Brian Cohen, nacido o mesmo día e practicamente no mesmo lugar que Xesús de Nazaret. Trinta e tres anos despois (¿?), Brian únese a unha organización contraria á ocupación romana de Xudea e tras unha serie de acontecementos chega a ser tomado por equivocación como o salvador do pobo xudeu, o que lle ocasiona, digamos, un pequeno problema coas autoridades. Segundo contan, a primeira idea dos Python era narrar ao seu xeito a historia do propio Xesús, presentándoo como un magnífico carpinteiro cuxa maior desgraza é ser castigado nunha cruz mal construída. No seu lugar optaron por desviar o foco de atención a un tipo calquera, totalmente mediocre e irrelevante, algo que non impediu as típicas polémicas, pero que sen dúbida foi todo un acerto.

.....Sátira das ferventes crenzas relixiosas, dos movementos políticos revolucionarios e as grandes películas bíblicas, *A vida de Brian* é unha opción ideal para botar unhas risas en boa compañía.

.....Foi escrita por Terry Jones, Terry Gilliam, Eric Ídelle, John Cleese, Michael Palin e Graham Chapman, isto é, os Monty Pitón; a película foi dirixida por Jones, aínda que Gilliam tomou a batuta en varias escenas, ademais de deseñar os escenarios. Grazas ao apoio financeiro do ex-beatle George Harrison, que salvou o proxecto cando os produtores iniciais botáronse atrás debido ás posibles controversias que podería causar o guión, os Monty Python puideron levar a cabo a súa terceira longametraxe, filmando nas localizacións e cos extras da película "Xesus de Nazaret" (1977) de Franco Zeffirelli. "A vida de Brian" converteuse nun dos maiores éxitos do grupo, e tivo a honra de ser a produción británica máis taquillera daquel ano en Estados Unidos. A súa estrutura de sketches máis propia da televisión que do cine, fai que se note moito o paso dos minutos, non hai preocupación polo ritmo nin unha verdadeira trama, é un encadeado de situacións humorísticas e absurdas.

.....En Inglaterra unha organización chamada "Festival da luz", persuadiu a varios países para que cualificasen o filme para maiores de 18 anos. Segundo estes grupos, no filme existía un exceso de sátira relixiosa e á vez tratábase aos crentes como hipócritas e fanáticos. Tamén pensaban que durante o transcurso da película, dáse a entender dun xeito sutil que moitos dos milagres realizados por Xesús non eran máis que bizarros accidentes que a xente interpretaba como outra cousa.

.....A escena que máis controversia causou foi a escena final, onde se mostra a crucifixión de Brian. Algúns cristiáns criticaban o feito de que o filme se mofara do momento onde se supón que Cristo sufriu e redimiu aos pecadores. No filme, todos os condenados á crucifixión pónense a cantar a canción "Always look on the bright side of life". O director Terry Jones dixo nunha entrevista na que lle preguntaron acerca desta escena: "Calquera relixión que faga dunha forma de tortura unha imaxe á que logo adoren, honestamente faime sentir bastante asqueado".

.....Para John Cleese o verdadeiramente gracioso recae en que alguén predique de forma tan apaixonada sobre o amor e a paz para que logo os seus seguidores pasen dous mil anos matándose e torturándose uns a outros debido a que non se poden pór de acordo sobre a forma en que o dixo. O absurdo non ten que ver cos ensinamentos dos fundadores da relixión, senón co que fixeron delas os que viñeron despois.